

Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ARBO****Persoal, oposicións**

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR AS PRAZAS VACANTES DE DOUS PEÓNS NA MODALIDADE DE LABORAL TEMPORAL.

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía 540/2024 de data 31.10.2024, aprobouse a convocatoria e as bases xerais que rexerán no proceso do proceso de selección para cubrir dúas prazas de peón mediante sistema de Concurso-Oposición

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR AS PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE ARBO DE DOUS PEÓNS NA MODALIDADE DE PERSOAL LABORAL.

Primeira. Obxecto da convocatoria

As presentes bases xerais rexerán a convocatoria das probas selectivas para cubrir dúas prazas de peón de servizos a xornada completa, vacantes de persoal na modalidade de persoal laboral polas bases específicas que para cada convocatoria se aproben.

As funcións e tarefas que lle serán encomendadas ao persoal nomeado serán as propia da subescala e o posto no que se integre dentro do organigrama municipal.

Segunda. Sistema de selección

Establécese o sistema de concurso oposición.

Terceira. Requisitos dos aspirantes

1.-Con carácter xeral, para seren admitidos na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de persoas con nacionalidade doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

- c) Posuír a titulación esixida segundo as convocatorias específicas de cada posto. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas, certificado de escolaridade, ESO ou equivalente.

Asemade, deberan terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias coas titulacións mencionadas.

As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación.

- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó posto do que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ter a nacionalidade doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido anteriormente a unha sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- f) Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
- g) Calquera outro requisito que se estableza nas bases específicas de cada convocatoria.

2) Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos ata a data do seu nomeamento ou contratación para o posto convocado.

Cuarta. Solicitudes

1) As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación do posto convocado ao que opta. No rexistro xeral do Concello facilitaráselles aos interesados o modelo de solicitude. Ademais, achegarase unha fotocopia do documento nacional de identidade (ou doutra tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios), fotocopia da titulación esixida e méritos a valorar.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

Para ser admitidos nestas probas selectivas as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen os requisitos e as condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de **20 días naturais** contados a partires do día seguinte a publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE) mediante extracto e previa publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e o extracto no Diario Oficial de Galicia (DOG).

3) A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do Concello de Arbo ou por calquera dos procedementos establecidos nos artigos 16 e 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O Concello ten habilitado a estes efectos unha sede electrónica: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal>

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario correspondente antes de seren certificadas. As persoas solicitantes que presenten a súa solicitude en distinto rexistro ao do Concello deberá anunciara súa presentación, no prazo de presentación de solicitudes, no e-mail: rexistro@concellodearbo.gal, e dirixidas ao servizo de persoal do Concello.

4) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

5) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, indicarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizaren os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

6) Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben oserros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ou ben, a instancia de parte.

7) A presentación da documentación acreditativa dos méritos realizarase no mesmo prazo que o habilitado para a presentación de instancias de participación no proceso selectivo, conforme as seguintes pautas:

Para acreditar os méritos profesionais, isto é, os servizos prestados como persoal laboral temporal, será necesario presentar copia dos certificados acreditativos dos devanditos servizos, con expresa indicación de Escálaa/Corpo de pertenza, denominación da praza, especialidade e da categoría profesional, data de inicio e finalización e Administración ou Administracións nos que se desempeñaron, indicando expresamente o carácter interino ou temporal. Os servizos prestados no propio Concello incorporaranse de oficio.

Para acreditar como mérito a realización de cursos de formación ou perfeccionamento, copia do certificado ou diploma de asistencia ao curso, con indicación da Administración Pública ou Entidade Pública que os impartiu, denominación, data de celebración e número de horas lectivas.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

Quinta. Admisión de aspirantes

1) Unha vez finalizado o prazo dos vinte (20) días naturais sinalado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no BOPPO e no taboleiro de anuncios deste Concello.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicárase a lista definitiva no BOPPO e no taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do Alcalde, na que se aprobará a lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación no BOPPO (artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posúren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de superaren as probas selectivas.

Sexta. Tribunal cualificador

1. Os compoñentes do tribunal cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto nos artigos 4.e e 4.f do Real decreto 896/91, de 7 de xuño, e no artigo 60 do citado Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida ostentarse en representación nin por conta de ningún.

3. A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

4. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

6. O Alcalde, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no BOPPO e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público..

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9. O tribunal, a partir da sesión de constitución, para actuar validamente requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nas bases reguladoras desta convocatoria.

10. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cas do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

12. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

Sétima. Características das probas selectivas

O procedemento de selección é o concurso oposición, consistirá en probas de coñecementos específicos relacionadas co contido do programa de cada convocatoria, segundo o anexo e que aseguran a obxectividade e a racionalidade do proceso selectivo e valoración de méritos .

A data da realización do exame determinarase polo Tribunal na súa sesión constitutiva, publicándose dita data no Taboleiro do Concello e na páxina web do concello: www.concellodearbo.es.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito as persoas opositoras que non comparezan a realizalo, salvo nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

A orde de actuación das persoas opositoras para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será determinada mediante sorteo polo tribunal en presenza dos aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o exercicio.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal para ese efecto os medios que considere oportunos.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ao presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Os exercicios terán lugar a porta pechada, sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, excepto na lectura por parte dos opositores dos exercicios escritos, que será pública.

A relación de aprobados en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Arbo, nun prazo de 12 horas dende que realizou a proba.

Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.

Neste tipo de exercicios quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante ou sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Serán eliminados no primeiro e segundo exercicio os aspirantes que obteñan unha puntuación inferior á metade da máxima prevista. A puntuación final será dada pola suma da puntuación obtida na fase de oposición e na de concurso, sempre e cando os aspirantes superen os dous exercicios eliminatorios da fase de oposición.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o alcalde que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava. Fase oposición

A fase de oposición terá unha puntuación máxima de 60 puntos, significando o 60% da puntuación global do proceso selectivo. Cada exercicio puntuarase do seguinte xeito:

- Primeiro exercizo: de 0 a 30 puntos, sendo preciso obter 10 puntos para superar a proba.
- Segundo exercizo: de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter 10 puntos para superar a proba.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

- Terceiro exercizo: de 0 a 20 puntos, sendo preciso obter 10 puntos para superar a proba.

*CONSTARÁ NA REALIZACIÓN DOS SEGUINTE EXERCIZOS:***— 1º Exercicio: Exame tipo test. Obrigatorio e eliminatorio. (30 PUNTOS)**

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 30 enunciados con catro respostas alternativas, sendo unha soa correcta. Restando 0,25ptos por cada resposta incorrecta e non valorándose as que figuren en branco. Equivalendo os 10 puntos a 15 respostas correctas.

Se baseará no contido do programa da convocatoria. Terá unha duración de 1 hora.

— 2º Exercicio: Coñecemento da lingua galega. Obrigatorio e eliminatorio para os/as aspirantes non exentos da mesma. (10 PUNTOS)

Esta proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita tipo test na que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. A valoración do exercicio será de apto ou non apto, sendo preciso para supérar esta proba ser declarado/a APTO/A.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal a posesión do CELGA 2 ou equivalente, en función da titulación requirida para o acceso ás probas, que, segundo o disposto na RDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, que, neste procedemento.

O documento acreditativo de nivel de coñecementos do idioma galego se entregará conxuntamente coa documentación para participar no procedemento.

— 3º Exercicio: Exame Practico. Obrigatorio e eliminatorio. (20 PUNTOS)

Consistirá nunha proba relacionada co posto de traballo e establecida polo Tribunal no momento do exame e que se anunciará a todos/as aspirantes antes do seu inicio.

Novena.-Fase de Concurso

Unha vez rematada a fase oposición e elaborada a listaxe de aspirantes que haxan superado a oposición valorarase a fase do concurso dos méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. Establecerase un prazo de 10 días hábiles para a valoración de méritos presentados.

A) EXPERIENCIA LABORAL (30 PUNTOS)

Nesta fase, valoraranse os méritos acreditados polos/as aspirantes ata un máximo de 30 puntos, segundo o seguinte baremo:

* Servizos prestados no Concello de Arbo en postos de funcións similares ás da praza: 0.50 puntos por mes traballado.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

- * Servizos prestados no Concello de Arbo noutros postos: 0.25 puntos por mes traballado.
- * Servizos prestados noutras administracións locais en postos de funcións similares ás da praza: 0.25 puntos por mes traballado.
- * Servizos prestados noutras administracións públicas en postos de funcións similares ás da praza: 0,10 puntos por mes traballado.
- * Servizos prestados na empresa privada en postos de funcións similares ás da praza: 0.05 puntos por mes traballado.

b) Formación e capacitación profesional (10 PUNTOS):

Valoraranse os cursos homologados realizados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como, os relacionados coa prevención, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimática. Estes méritos se valorarán ata un máximo de 10 punto en total:

- De 10 a 50 horas: 0,30
- De 51 a 100 horas: 0,40
- De máis de 101 horas: 0,50
- Se puntuará 1 punto, aos aspirantes que teñan unha titulación superior a esixida, sempre e cando non obteñan o máximo de 10 puntos na valoración dos cursos.

Décimo primeira.- Cualificación final, relación de aprobados. Achega de documentos polos aspirantes propostos polo tribunal cualificador

Aos aspirantes que haxan superado a fase de oposición aplicarase a puntuación obtida na fase de concurso.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso.

No suposto de empate na fase de concurso, estarase ó disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que establece que no caso de empate na puntuación, acudirase para dirimilo a outorgada nos méritos.

Determinada a cualificación dos/as apirantes, o tribunal fará publica a relación e aprobados/as por orde de maior a menor puntuación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, sendo esa mesma orde estipulada a de realización de procedementos de chamamentos cando sexa menester e cando a utilización da mesma sexa autorizada pola autoridade competente.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

A listaxe definitiva de candidatos/as por orde de puntuación será validada unha vez se firma a resolución elaborada a tal fin, publicándose esta nos medios oficiais determinados nas presentes bases.

Os chamamentos faranse por un medio que permita ter a constancia da súa recepción.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do/a interesado/a o erro na súa consignación, debendo comunicar ó Concello calquera variación destes.

Os aspirantes propostos achegarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade.
- Título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- Documento de aceptación do posto, proporcionado pola entidade contratante.
- Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións encomendadas ó posto de traballo que se lle asigne.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións públicas e de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente así como de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial nos termos establecidos nos apartados d) e) e f) da base 3ª referida as condicións xerais dos aspirantes.
- Fotocopia da cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

Décimo segunda.- Contratación

Unha vez aprobada a proposta polo órgano competente (Alcaldía), notificaráselles ós/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais no prazo dun mes, que contará dende o día seguinte á notificación do acordo.

Quen non o subscriba sen causa xustificada será declarado/a en situación de cesante e consecuentemente decaerá no seu dereito a acceder ao posto de traballo por falta de materialización do seu dereito a ser contratado/a no prazo outorgado para o efecto.

Previamente deberan ter presentada no Servizo de Persoal toda a documentación esixida na base 3ª en relación coa décimo primeira, no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aspirantes aprobados/as no taboleiro de anuncios.

No contrato farase constar a manifestación da persoa interesada de non estar desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada remunerada, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos de calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

Décimo Terceira.- Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo Carta.- Incidencias

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo Quinta.- Réxime xurídico

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; a Lei 2/2015, de 19 de abril, de emprego público de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a lei do estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

Décimo Sexta.- Disposición final

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo Sétima.- Elaboración de listas de reserva.

Nos procesos selectivos, os/as opositores/as que superen todos os exercicios e non obteñan praza, incluíranse de oficio, nas listas que se confeccionen para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de emprego de carácter temporal, na mesma categoría ou posto ao que se presenten, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición. Asemade poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listas, de confeccionarse, estarán en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de 3 anos.

Sen prexuízo de que, con anterioridade, concorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera persoal laboral temporal ou interino de conformidade coa lexislación vixente, á finalización de cada proceso selectivo, todo o persoal laboral temporal ou interino que ocupen postos de traballo correspondentes ás categorías das prazas convocadas cesarán automaticamente e perderán vixencia todas as listas de persoal laboral temporal ou interinos correspondentes ás categorías das prazas convocadas xeradas a partir de procesos selectivos de toda clase anteriores a presente convocatoria.

Arbo,

O ALCALDE

Asdo. D. Horacio Gil Expósito.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE SELECCIÓN

*DUNHA (1) PRAZA DE PEÓN DA ÁREA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS
POR CONCURSO-OPOSICIÓN*

1. Denominación, sistema de selección, número de prazas e funcións

- Denominación: PEÓN DA ÁREA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS
- Sistema selectivo: Concurso-Oposición
- Nº de prazas: 1
- Características da praza: Enmarcada e asimilada ao grupo AP de titulación.
- Xornada Completa
- Funcións do posto: As funcións do posto son as propias dun/dunha Peón da área de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos

2. Dotación económica

As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións do Orzamento municipal do concello.

3. Requisitos esixidos

Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter cané de conducir B
2. Titulación: Certificado de escolaridade, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.
3. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes establecido no Boletín Oficial do Estado (BOE).



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1.- Constitución. Estructura

Tema 2.-O Municipio: concepto e elementos. Competencias do Municipio. Servicios mínimos. Organización do municipio. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno.

Tema 3.- O Concello de Arbo: principais aspectos urbanísticos, rúas, prazas, localización das súas principais infraestruturas, edificios e servizos públicos.

Tema 4.- Organización territorial do Estado. Comunidades autónomas, provincias e municipios.

Tema 5.-Recollida selectiva de Residuos Sólidos Urbanos. Concepto e clases.

Tema 6.- Maquinas, materiais e ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, augas, electricidade, fontanería e limpeza viaria.

Tema 7.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 8.- Maquinaria. Descrición e modo de emprego.

Tema 9.- Conservación e limpeza de vías públicas, xardíns, e instalacións de titularidade municipal.

Tema 10.-Prevención de Riscos Laborais. Obrigas do/as traballadores/as. Equipos de protección individual.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE SELECCIÓN
DUNHA (1) PRAZA DE PEÓN DA ÁREA DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, ETC.
POR CONCURSO-OPOSICIÓN

2. Denominación, sistema de selección, número de prazas e función

- Denominación: PEÓN SERVICIO DA ÁREA DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, ETC.
- Sistema selectivo: Concurso-Oposición
- Nº de prazas: 1
- Xornada Completa
- Características da praza: Enmarcada e asimilada ao grupo AP de titulación.
- Funcións do posto: As funcións do posto son as propias dun/dunha Peón da área de abastecemento, saneamento, etc

3. Dotación económica

As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións do Orzamento municipal do concello.

4. Requisitos esixidos

Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter cané de conducir B
2. Titulación: Certificado de escolaridade, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.
3. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes establecido no Boletín Oficial do Estado (BOE).



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

ANEXO II. TEMARIO

Tema 1.- Constitución. Estructura

Tema 2.-O Municipio: concepto e elementos. Competencias do Municipio. Servicios mínimos. Organización do municipio. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno.

Tema 3.- O Concello de Arbo: principais aspectos urbanísticos, rúas, prazas, localización das súas principais infraestruturas, edificios e servizos públicos.

Tema 4.- Organización territorial do Estado. Comunidades autónomas, provincias e municipios.

Tema 5.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 6.- Coñecemento da Rede de abastecemento do Concello de Arbo. Captacións. Sistema de bombeos. Estación de tratamento de auga potable. Rede de distribución.

Tema 7.- Coñecemento da Rede de sumidoiros do Concello de Arbp. Mantemento das EDAR. Mantemento da rede de sumidoiros.

Tema 8.- Maquinas, materiais e ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, augas, electricidade, fontanería e limpeza viaria.

Tema 9.- Fontanería: conceptos xerais. Breve referencia á instalación de auga nos edificios. Ferramentas e útiles. O seu mantemento. Avarías e reparacións.

Tema 10.- Prevención de Riscos Laborais. Obrigas do/as traballadores/as. Equipos de protección individual.



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

*ANEXO III. SOLICITUDE**CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL NA MODALIDADE DE PERSOAL LABORAL,
DO CONCELLO DE ARBO*

D./ DNA.

Enderezo:

DNI.n.º.

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección da praza de_____ convocado polo Concello de Arbo mediante publicación BOE núm.____de data_____.

DECLARA: Que coñezo e acepto integramente o contido das bases de convocatoria, son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

DOCUMENTACION QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI
- Copia da Titulación esixida nas bases e/ou Titulo de capacitación profesional da especialidade
- Relación de méritos e documentación xustificativa de cada un deles.
- Declaración xurada

Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello de Arbo (Responsable do Tratamento)

(*) Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello de Arbo), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXPd) e (LOPDGDD): En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o Rexistro de Actividades de Tratamento de Persoal, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaranse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXPd, información do tratamento que pode consultar en: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en Plaza Consistorio, 1, 36430 Arbo, Pontevedra ou vía mail: concello@arbo.gal, a atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(*) marcar cun X no caso afirmativo.

Arbo,

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARBO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

ANEXO IV
DECLARACIÓN XURADA

D./ DNA.

Enderezo:

DNI.n.º.

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección da praza de _____
_____ convocado polo Concello de Arbo mediante publicación BOE núm. ____ de
data _____ DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- Ter nacionalidade española [ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Arbo,

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARBO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPJM2Q



Luns, 18 de novembro de 2024

Núm. 224

O cómputo do prazo de presentación de instancias que se fixa nas bases e 20 días naturais a partires do seguinte á publicación do referido anuncio no BOE.

O Alcalde — Horacio Gil Expósito

Documento asinado electrónicamente

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UXDU6SBINCYPM2Q

